


Clases de musculación no concello de Trazo

• O prazo para inscribirse abre o 1 de setembro de 2017

Para anotarse só hai que falar co técnico deportivo no seguinte número: 620553478





1. COMO SERÁN ESTAS CLASES E A QUEN VAN DIRIXIDAS:

As clases de musculación están dirixidas a todas as persoas que teñan como obxectivos principais aumentar a musculatura do corpo (hipertrofia), manter un tono adecuado da musculatura (tonificación) ou simplemente reducir peso corporal.

Os adestramentos serán individualizados segundo o obxectivo que marque ou persiga cada persoa. Estes adestramentos cambiaranse cada mes e medio para intentar que se produza unha evolución a nivel muscular.

As clases realizaranse no pavillón municipal de Trazo con diferente tipo de material (pesas, máquinas de ximnasio...).

2. PROCESO PARA INSCRIBIRSE:

- a) Deberán falar co técnico deportivo para que lles entregue un formulario que deberán cubrir.
- b) Posteriormente deberán pagar unha taxa no banco.
- c) Finalmente deberán entregar o extracto de pagamento ao técnico deportivo xunto cunha copia do DNI.
Unha vez que se paga no banco deberán poñer como “Concepto” o seguinte: “Actividade de musculación” e o nome e apelidos da persoa.
- d) Unha vez realizados os requisitos anteriores, poderase comezar co traballo de musculación.

3. TAXAS A PAGAR:

Deberase pagar unha taxa de 100 euros anuais para poder asistir as aulas de musculación dende setembro até xullo de 2018. Poderase pagar a taxa completa ou ben realizar o primeiro pago, de 40€, no mes de setembro de 2017 ou cando se comecen as aulas de musculación e o seguinte pago, dunha contía de 60€, faríase no mes de xaneiro de 2018.

O montante total ascende a 100 euros anuais por once meses que estarán activas as clases de musculación.



Folla de inscrición para as clases de musculación:

Nome:	Provincia:
Apelidos:	Municipio:
Sexo: <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller	Teléfono:
Data de nacemento:	Correo electrónico:
Tipo de documento: NIF:	Número de conta onde deberá ingresar os dous pagos correspondentes (un en setembro de 40 euros e outro en xaneiro de 60 euros): ES54-2080-0331-4931-1000-0065
País:	Empadroado no concello de:

Os datos persoais recollidos no presente documento, serán tratados conforme a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. A finalidade é a tramitación do documento para o desenvolvemento da actividade de musculación. Os seus datos non serán cedidos nin utilizados para outro fin. O responsábel deste ficheiro é o Concello de Trazo, ante o cal poderán exercer, debidamente acreditado, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos persoais, dirixindo a súa petición a Víaño Pequeno, 14- 15687- Trazo (A Coruña).